

[Inicio](#)[Coiro galego](#)[Cursos](#)[Técnicas básicas](#)[Artesáns galegos](#)[Recursos](#)[Galería de imaxes](#)[Ligazóns](#)[Taboleiro / anuncios](#)[Novas](#)[Foro](#)[Descargas](#)

Axúdanos a encher de

[COLABORA CON NÓS](#)

contidos esta páxina

Xaquín Lorenzo, *Xocas*

Coiro galego / Etnografía / Xocas

Texto recollido da obra etnográfica de Xaquín Lorenzo

[xocas](#) | [peneireiros](#) | [coireiros](#) | [albardeiros](#) | [zapateiros](#) | [mulidas](#)



os mallos, por Xaquín Lorenzo, *Xocas*

Polo mes de agosto escomezan as *mallas*.

O que tén *eira* propia pode faguel-a malla nela, maillo corrente é que se faga na *eira de todos*, entrando en rolda cos demais veciños e agardando que lle chegue a vez.

Pra esta operación úsanse os *mallos*. Están formados por dous paus, un longo, a *mangueira*, e outro curto, o *pirtigo*, articulados entre si por medio de dúas pezas de coiro, as *casulas*, chamada *cidoiro* a do *pirtigo* e *carrachola* a da *mangueira*, cosidas con *entrecartos* tamén de coiro crú: entre as *casulas* métese o atadillo de coiro pra unil-as dúas pezas. Outras veces as *casulas* son de ferro e van cravadas. Finalmente, hai *mallos* que levan un burato na *mangueira* e outro no *pirtigo* pra pasal-as correas.

Pra mallar, cólese o *mallo* pola *mangueira* coas dúas mans e bátese sobor do centeo co *pirtigo*.



Segundo o Diccionario de Dictionaries do ILGA, mallo:

Tiene cuatro cosas: mangueira, el palo de la mano o vara o mango; pertego o pértigo, el palo que da el golpe; camisas o casulas a cada uno de los lazos o asas de cuero crudo que tienen los dos palos.

Se tes máis información deste tema que deba estar aquí, [colabora con nós](#)



.Colabora con nós, serás benvido. Precisamos da túa experiencia.

coirogalicia@yahoo.es

[inicio](#) | [contacto](#)